



Confederación Intersindical Galega
Sección Sindical de Telefónica
A Coruña Tif : 981 183969 Fax : 981 212804

NOTA DE PRENSA

TELFÓNICA DE ESPAÑA SOCIEDAD ANONIMA UNIPERSONAL (TESAU)

Cerca de 100 traballadores de Telefónica de España. S.A.U. concentráronse hoxe, de 12:00 a 13:00 horas diante da Dirección Provincial da empresa, na rúa Alejandro Barreiro Noya da cidade de A Coruña. Esta concentración coincidía con un paro de catro horas convocado no ámbito estatal por diversos sindicatos actuantes en Telefónica. En Galicia esta convocatoria estaba feita pola CIG.

A mobilización dos traballadores de Telefónica de España ven determinada pola política de demantelamento que a da Dirección do Grupo Telefónica ven poñendo en práctica coa empresa de telefonía fixa, que se concreta en segregación de actividades e de persoas, a venda do patrimonio, a redución constante do cadro de persoal, recorte de dereitos dos traballadores, etc.

Neste momento o tema máis candente é a transferencia da actividade que realizaban diversas unidades da Área Económica e de Administración de TESAU a unha empresa do Grupo denominada t-Gestiona, así como o intento de que os traballadores que realizan actualmente este traballo se pasen a esta empresa con condicións laborais á baixa e sin garantías de futuro. Esta transferencia afecta a actividade de máis de 300 traballadores en todo o Estado e a 14 persoas na Coruña.

Outro motivo da mobilización é a defensa do actual emprego en TESAU, pois estase a producir nos últimos anos unha importante redución do cadro de persoal (de 76000 traballadores no ano 92 a menos de 42000 no ano 2003) para transformar gran parte da actividade que facían os empregados de Telefónica en emprego precario que agora realizan contratas e empresas colaboradoras.

Este tema é motivo de especial preocupación para todo o cadro de persoal xa que, levase un mes de Negociación Colectiva, e na mesa oficial de Negociación aínda non se abordaron asuntos como as medidas de redución de plantilla nin o das segregacións de outras áreas, cando todos sabemos que estes temas sí se están tratando entre a Empresa e só unha parte da representación dos traballadores nun foro non transparente para o conxunto da plantilla. O deterioro do concepto de Negociación Colectiva parece evidente, e a moitos dos traballadores desta empresa non nos gusta que se decida o noso futuro sin contar con nós.

Sección Sindical **CIG** Telefónica – A Coruña

4 de xuño de 2003